

Candidaturas, documentación e prazo

As candidaturas poderán presentarse asinadas polo/a candidato/a ou persoa que o propoña, na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas (Consellería de Traballo e Benestar, edificios admin-istrativos de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela. O prazo de presentación das solicitudes e dos traballos remata o 15 de maio de 2013.

As propostas deberán ir acompañadas dunha memoria explicativa e documentación xustificativa dos valores e méritos alegados.

As bases da convocatoria pódense consultar na web www.cooperativasdegalicia.coop, e no Diario Oficial de Galicia número 71, publicado o día 12 de abril de 2013.

Más información:

www.cooperativasdegalicia.coop
Consello Galego de Cooperativas
Telf.881 999 268

www.cooperativasdegalicia.coop


CONSELLO GALEGO DE
COOPERATIVAS



XUNTA
DE GALICIA

Premios á Cooperación 2013

Premios á Cooperación

2013

A Consellería de Traballo e Benestar convoca estes premios coa finalidade de fomentar e difundir o cooperativismo, os seus principios e valores, así como recompensar publicamente o labor que os cooperativistas, cooperativas e outras institucións e persoas veñen realizando a prol do desenvolvemento do movemento cooperativo na comunidade autónoma galega.

Destinatarios

Poderán optar a estes premios as cooperativas e as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que realizen un destacado labor no eido do cooperativismo na comunidade autónoma galega.

Modalidades

Os premios á cooperación convócanse baixo as seguintes modalidades:

Premio aos valores cooperativos

Outorgarase á cooperativa, entidade ou persoa que máis teña destacado no impulso dos valores cooperativos na comunidade autónoma galega.

O tribunal valorará a traxectoria dos/as candidatos/as, especialmente as actuacións dirixidas á aplicación práctica dos principios cooperativos establecidos pola Alianza Cooperativa Internacional e a súa adecuación ao marco socioeconómico galego.

O premio terá unha dotación económica de 5.000 euros.

Premio ao mellor proxecto cooperativo

Outorgarase ao proxecto empresarial cooperativo de especial relevancia, tanto de cooperativas de nova creación como das previamente existentes.

O tribunal terá en conta a especial relevancia do proxecto, que pode vir determinada tanto polo seu carácter innovador ou de intercooperación,

como por outras características singulares e pola súa repercusión no contorno, especialmente nos eidos económico, social e laboral.

O premio terá unha dotación económica de 5.000 euros.

Premio á promoción do cooperativismo

Outorgarase á persoa ou entidade que teña destacado especialmente no fomento do cooperativismo, tanto pola súa traxectoria como por actuacións de carácter puntual que resulten particularmente significativas.

O tribunal terá en conta a actividade ou actividades realizadas polos/as candidatos/as e a súa repercusión na implantación e desenvolvemento do cooperativismo en Galicia, tanto nos seus aspectos cualitativos como cuantitativos, e valorará especialmente os persoeiros do cooperativismo como xeito de recoñecer as súas traxectorias neste eido.

O premio terá unha dotación económica de 5.000 euros.